


COMUNICADO Nº 021/16

3 DE FEBREIRO DE 2016

SISTEMA DE CRONOMETRAXE NO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS 2016

Canto máis saibas, máis rápido irás, por iso iniciamos esta tempada a cronometraxe co transponder X2 para as carreiras de autocross. X2 guiarache a voltas máis rápidas, xa que ofrece datos exactos sobre o teu rendemento. Podes ver, analizar e compartir a túa formación e resultados da carreira a través da túa conta de MYLAPS persoal. Ademais, grazas ao noso sistema de PowerDirect, poderás conectar o transponder á batería do coche e esquecerche das cargas da mesma.



Presentación do X2 Raceway

O RaceKey axuda a activar o seu transponder e xestionar a súa subscrición.

Cando se utiliza o transponder como recargable, o RaceKey X2 utilízase para cargalo.

Se o X2 é de batería interna, vai cargar completamente en tan só 4 horas, pero coa actualización de alimentación directa, evítanse as cargas e as posibles situacións de batería descargada en carreira se por algún motivo non cargamos o transponder.

As luces LED no RaceKey mostran diversas notificacións tales como baterías e estados de subscrición.

Os transpondedores X2 veñen cunha subscripción para 1, 2 ou 5 anos. Cando termina a subscripción, pode renovar por outro período: seleccione a subscripción que se adapte mellora a súa carreira deportiva.

Unha vez recibido o transponder, este debe ser activado creando unha conta en mylaps, pódese ver un vídeo na ligazón.

https://www.youtube.com/watch?v=_oKzk8VCJY&feature=youtu.be



Contenido do Pack:

A caixa que recibirás coa túa X2 inclúe o transponder, a clave para a activación do mesmo e todo o que necesitas para instalar e poñer en funcionamento o teu novo transponder X2.



X2 Transponder

Dispoñible estándar con batería recargable, con sistema de alimentación ao vehículo ou con ambos os sistemas sistemas incluídos en función do pedido realizado.



RaceKey

A RaceKey serve para activar a túa subscripción, así como para a carga da batería do teu transponder.



X2 RaceKey Mount

Dispoñible coa actualización de alimentación directa, permíteche instalar a RaceKey no taboleiro de instrumentos.



Cableado

Cable USB e cable de 12 V e CAN para actualización a alimentación directa.

Como comprar o transponder:

Temos que ter en conta que desde a data de pedido ata a recepción do transponder poden pasar uns quince días, polo que é importante facer o pedido con suficiente tempo para evitar problemas á hora de instalar o equipo no vehículo.

Opcións de compra:

Transponder de batería:

10R601	X2 Transponder Car + 1 Ano de subscrición	PVP 119,83 €
10R602	X2 Transponder Car+ 2 Anos de subscrición	PVP 165,29 €
10R605	X2 Transponder Car + 5 Anos de subscrición	PVP 285,12 €

Transponder conectable á batería do vehículo (non leva batería interna).

10R611	X2 Transponder Car DirectPower + 1 Ano de subscrición	PVP 154,55 €
10R612	X2 Transponder Car DirectPower + 2 Anos de subscrición	PVP 204,96 €
10R615	X2 Transponder Car DirectPower + 5 Anos de subscrición	PVP 334,71 €

Se queres que o transponder funcione cos dous sistemas, debemos engadir un custo de 49.59€ a calquera das tres primeiras opcións.

Os prezos mostrados non inclúen o IVE nin o porte desde Holanda de 20 €.

Nube Comunicacions pon ao servizo dos pilotos un servizo de activación dos transponders para aqueles que prefiran recibilo activado e rexistrado ao seu nome.

Podedes chamarnos para completar información e realizar os pedidos nos números 911 922 600 e 640 410 300.

Especificaciones Técnicas:

Compatible con:

MYLAPS Car TimingSystem e sistemas X2

Dimensións aprox.:

98x52x23 mm.

Peso:

120 gr.

Estanqueidade:

Resistente al agua IP67

Temperatura de funcionamento:

De 0 ° a 60 °

Transponder ID:

Único de sete díxitos

Voltaxe de entrada:

5-17 V DC

Consumo:

60 mA @12 V DC

Batería:

Max 5 días

Velocidade máxima:

260 Km/h

Posición:

Menos de 60 cm da pista

Tempo de carga:


4 Horas

Instalación:

A instalación é moi sinxela, hai que ter en conta dúas cousas moi importantes:

.- A altura máxima da colocación do transponder con respecto á pista debe ser de 60 cm.

.- A parte inferior do transponder marcada cunha frecha debe ter visión directa sen obstáculos coa pista.






FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Bazo - O Pino
32001 OURENSE



* for direct power only



Unha vez realizado o pedido, enviarase un completo manual coas instrucións de uso e montaxe.